

RESULTADOS DA ESTRATEXIA DE IMPLANTACIÓN DA PRESTACIÓN DE AXUDA PARA MORRER EN GALICIA: DOUS ANOS DA SÚA APLICACIÓN


A prestación de axuda para morrer aprobouse en España mediante a Lei orgánica 3/2021 de regulación da eutanasia. Nela estableceuse o dereito de toda persoa, que cumpra os requisitos, a solicitar e recibir a axuda necesaria para morrer.

Transcorridos 2 anos desde a implantación desta nova prestación en Galicia, a continuación móstranse os resultados obtidos e as conclusións extraídas da avaliación do período comprendido entre o 25 de xuño do ano 2021, data na que entrou en vigor a Lei, e o 30 de xuño do ano 2023.


RESULTADOS

Solicitudes

- O número total de solicitudes presentadas en Galicia desde o 25.06.2021 ata o 30.06.2023 foi de 58.
- As solicitudes máis numerosas foron de persoas dos grupos de 50 a 59 anos e de 70 a 79 anos (Gráfica A), cunha idade mínima de 20 anos e máxima de 96 anos. O 58,6% das solicitudes foron realizadas por homes, fronte ao 41,4% no caso das mulleres.
- A patoloxía máis frecuente que motivou a solicitude foi a neurolóxica (50%), seguida pola oncolóxica (31%) (Gráfica B).
- As solicitudes con informe favorable para realizar a prestación foron 21, denegáronse 3, o paciente revocouna en 8 ocasións, as restantes correspóndense a *exitus* por causas alleas á prestación e a solicitudes en curso.



Prestacións



- O número de prestacións de axuda para morrer realizadas foi de 21. De elas, o 57% leváronse a cabo nun centro hospitalario, o 33% efectuáronse no domicilio do paciente e o 10% restante tiveron lugar en residencias sociosanitarias (Gráfica C).
- En 20 casos, o paciente optou pola modalidade de administración por parte de profesionais sanitarios; soamente en 1 caso, a persoa escolleu a modalidade de autoadministración (en presenza dos profesionais sanitarios).
- En 6 ocasións, os pacientes foron doantes de órganos.



Formación: o número de profesionais formados ata a actualidade é de 3.996.

CONCLUSIÓNS

Foron claves para a implantación, o seguimento, o control, a supervisión e a mellora constante da calidade da prestación de axuda para morrer en Galicia:

- A creación da Unidade Central Técnica de Xestión, de carácter autonómico, que coordina e supervisa todos os procedementos, á vez que se encarga da coordinación co Ministerio de Sanidade.
- A designación dun referente e responsable nas direccións asistenciais das áreas sanitarias, como encargado da xestión, seguimento e supervisión dos procedementos, así como de coordinar a realización da prestación de axuda para morrer por parte do equipo asistencial.
- A obriga de presentar a documentación a través dun rexistro oficial, que permite controlar o proceso e os seus prazos.
- A creación dun sistema autonómico de información.

Son, a súa vez, aspectos que diferencian a Galicia da maior parte das comunidades autónomas e que supoñen unha mellor accesibilidade da poboación a esta prestación, así como un maior control de todos os procedementos, o que redunda nun máis alto estándar de calidade.

